

FADEMGA



Fallo do Xurado do 3º Concurso de relato curto organizado por FADEMGA Plena inclusión Galicia

REUNIDO en Santiago de Compostela o xoves 20 de abril de 2023 o xurado composto por Dna. Carmela González Lagarón, D. Elías Palacio Verdini, D. Antonio Fuentetaja Cervelo, Dna. Dolores Portela León e Dna. Iria García Ferreiro,

DECIDE por unanimidade outorgar os seguinte premios:

Premio ao Mellor Relato Curto en Categoría Individual a:

“FELIX E LUCÍA”

de Alberto Tallón Parapar (asociación ASPANANE de Viveiro),

pola súa orixinalidade e creatividade no plantexamento do relato, que nos convida a entender a lectura como chave que abre a porta a outros mundos e realidades. Asemade, o xurado valora o seu cumprimento das bases, dende o tema proposto (a lectura) ata o respecto á estrutura e cumprimento normativo da lectura fácil.

Accésit en Categoría Individual a:

“PALABRAS MÁXICAS”

de Mónica Pita Molina (asociación CHAMORRO de Narón),

porque nos anima a compartir en grupo a experiencia da lectura ao tempo que demostra un profundo coñecemento do fondo documental de obras adaptadas a lectura fácil e da normativa da mesma.

Premio ao Mellor Relato Curto en Categoría Grupal a:

“SOÑO”

elaborado polo “Laboratorio de linguaxe” de ACEESCA (Porriño), composto por: Custodio Lago, Laura Ferreira, Victoria Giráldez, Raúl Bouzó, Ana Belén Luis, Rosa González, Lucía Sola, Adán Martínez, Rubén Iglesias, Venancio Franco, Alexander Rodríguez, Beatriz Sestelo e Cristina Sola,

pola súa orixinalidade á hora de relacionar a lectura co soño, a través de dous niveis de narración que sen dúbida outorgan valor literario ao relato.

Finalizada a posta en común, o xurado quere expresar a súa noraboa a todas as persoas que este ano participaron no concurso a través das diferentes propostas que tiveron como punto en común o esforzo, a ilusión e o cariño depositado en cada relato.

Asemade, tamén quere destacar o meritorio papel que desenvolveron no proceso as persoas de apoio, especialmente no referido á adaptación dos relatos a lectura fácil.



Conforme máis lemos, máis lonxe chegan as fronteiras do propio e máis nos vemos reflexados noutros rostros e noutras vidas.

Por todo elo, dende a Federación convidámosvos a seguir fomentando a lectura en cada asociación, en cada clube e en cada casa, esperando atoparnos novamente no 4º Certame de relato Curto.

FELIZ DÍA DO LIBRO!